



## XOAN MANUEL PINTOS VILLAR PASAXES DA SUA VIDA

Xoán Manuel Pintos Villar, nado en Pontevedra o 16 de nadal de 1811 e finado en Vigo o 20 de xaneiro de 1876, estudou Humanidades na Cruña e Xurisprudencia en Santiago; e tendo exercido de xuez en Cambados, de fiscal en Pontevedra e de rexistrador da propiedade en Vigo, deixou sona de home honrado e limpo cumpridor dos seus cometidos profesionais.

Pro é no eido intelectual onde o Pintos acadara relevancia especial. El, que era dado á música e á pintura, cultivou o xornalismo e, sobre todo, publicou versos galegos con finalidade maiormente didáctica. Sendo un bó coñecedor da nosa lingua, antepuxo a propaganda galeguista á creación artística; e realizou un fondo e sostido labor a prol do cultivo do idioma de nós.

A obra que tidúa Pintos «A gaita gallega tocada polo gaitero», ou sea Carta de Cristos pra ir deprendendo a ler, escribir e falar ben, e aínda máis, composición que o autor divide en sete folladas —que constitúe un manual de iniciación na fala galega xuntamente cunha sorte de apoloxía xeral de Galicia e un alegado patriótico, según Carballo Calero— é, no decir de Ramón Cabanillas, «a pedra de alicerce da nosa renascencia». Editado en Pontevedra o ano 1853, éste ven a ser o primeiro libro da literatura galega do rexurdimento.

Pintos publicou tamén, ademais de numerosos versos en follas soltas e xornais da época, un Breve diccionario gallego, escrito por el tamborileiro para facilitar a intelixencia de la Gaita gallega tocada por el gaitero; decote a bourear na mesma lería.

E de A gaita gallega precisamente —un libro hoxe xa moi raro— de onde tiramos o monllo de versos que incluímos no presente folleto. Co mesmo, a máis de festejáremos ao Pintos neste ano que lle é adicado o Día das Letras Galegas, tentamos contribuír un algo á divulgación da obra do gran renacentista; home de importancia histórica certamente extraordinaria.



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Hoxe Día das Letras Galegas, queremos tamén nos adicar esta páxina ao relembro da esgrevia figura Xoan Manuel Pintos Villar, poeta que ca súa teima lanzou barudamente o berro da loita polo noso falar.

A escolma e sinxela, mais fonda.

Todo o bon faguer poético de Xoan Manuel Pintos queda recollido neste feixiño de versos.

Na festividade honrarase a súa persona e, na boa vila, Pontevedra, onde foi nado, a Real Academia Galega fará un solene acto que terá lugar no Concello.

Alí falará o novo académico Isidoro Millán González Pardo, estudando a vida e obra de Pintos no seu traballo de ingreso na institución.

Contestaralle Xosé María Álvarez Blázquez e presidirá o señor Martínez-Risco e Macías.

Nos, ca escolma, xuntámonos a homenaxe ao poeta Pintos Villar.

## Chi, ii, ii, ii,

Chii, fi, fi, fi,  
óo, óo, óo, óo,

Tou porroutóu porroutóu porroutiña  
tou porroutóu porroutóu porroutóo.

Vou a tocar coa miña gaita  
vou a tocar un fandango mui bo  
vou a tocar a muñeira das festas  
vou a facer foliada de Dios.

Chii, fi, fi, fi,  
óo, óo, óo, óo,

Tou porroutóu porroutóu porroutiña  
tou porroutóu porroutóu porroutóo.

Velo ahí tedes tocando o Gaitero  
velo ahí tedes co tamborileiro,  
velo ah ítedes pesares quitando  
velo ahí tedes a xente alegrando.

Vindeo ver como as froias enchendo  
enche a gaitiña de vento tamén,  
vindeo ver como bule cos dedos  
vindeo ver que vos toca mui ben.

Víndelle ver a monteira bonita,  
prumas de galo no curuto van,  
víndelle ver o farrapo do ronco  
feito unha resta de fíos de lan.

Víndelle ver a chaqueta que é nova,  
víndelle ver o dourado botón,  
víndelle ver o chaleco encarnado  
negra polaina e riscado calzón.

Víndelle ver a camisa lavada,  
fitas do colo bordadas que están  
vindeo ver que é bo mozo por certo,  
vindeo ver que é mui guapo galán.

Diz que aprendeu unha música nova  
diz que é un cielo o oílo tocar,  
dalle mil voltas ó bo do fandango  
e coa muñeira fará tolear.

Diz que fai falla dende hoxe estes bailes  
mui compasados sin trampa bailar  
porque o Gaitero as pesca no aire  
rata ningunha vos deixa pasar.

Xa ven a xente pola corredoira  
aturuxando co chascarraschás,  
ven no pandeiro ferreñas e cunchas  
repinicando coas dúas mas.

Ai Maruxiña do dengue de grana  
acaba logo si a queres botar,  
porque eses ollos me están chamuscando,  
bule entramentres que temos vagar.

Xunta con modo o oxal do xustillo  
déixalle froxos os nos do cordón,  
que teño medo que estoupe no peito  
coas alegrías o teu corazón.

Ha de botar hoxe o demo do corpo  
a que o teña con este tocar,  
que a Pelengrina e máis S. Benitiño  
S. Pedro Mártir virán a bailar.

Penso que veñen co eles en ringle  
todos os santos que teñen altar,  
vivos e mortos reloucan de oílo  
porque do trínque vos é es: cantar.

Ai Maruxiña poráste direita,  
ten ben o fuse que vas a fiar,  
que hoxe non queda nin un pelo na roca  
tódolos puntos che vou a botar.

Cóchigas vivas no cerro do lombo,  
sinto carrizo!, me nacen aquí;  
non che é milagre que veñan as  
todas correndo mirar para tí.

Nenos e nenas, mulleres e homes,  
cregos, soldados, os que empregos dan,  
ricos e probes, pequenos e grandes,  
ábrele os ollos que cegos están.



## OU GALICIA. GALICIA boi de palla

Ou Galicia, Galicia boi de palla  
cánta lástima ten de tí o Gaitero!  
O aguillón que che meten é de aceiro  
e con el muita forza te asoballa.

No lombo teu zorrega, bate e malla  
fasta o máis monicreque ferrancheiro,  
e calesquer podenco forasteiro  
te bafa de vergonza sin migalla!

Agarima alleeira eses ingratos  
ou víboras que postas ó teu peito  
co ferrete che rompen mil buratos!

Si o sangue teu refugas do teu leite,  
malas novas madrastra de insensatos,  
dos fillos teus ó amor non tés direito.

## QUEIRA DIOS QUE ESTA GAITA BEN TOCADA

Queira Dios que esta Gaita ben tocada  
Un recordo lle valla ó bon Gaitero,  
E que millenta máis unda o primeiro  
Veñan tocar tamén a Gaita amada.

Inda premita Dios que sea soada,  
Voando mui vistoto o meu prumeiro,  
Arrolado cos chíos do punteiro,  
Garrido se mostrando coa alborada.

Avante vaia en tod'as romerías  
Levada polas vilas e arredores.  
Inda sea a maestra das folías.

Calada nunca estea. E de primores  
Inzando os sons preñados, e alegrías,  
A busquen homes legos e doutores.